



ANEXO III

2024/CP/082

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: S1/1.1/P0033			
Título: Drug Repurposing para o Desenvolvemento Efetivo e Acelerado de Medicamentos no Espaço SUDOE (RePo-SUDOE)			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/01/2024 FIN: 31/12/2026			
CENTRO Inv. Principal: CITIC/Facultade de Informática			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: CITIC. De luns a venres en horario de 10:00 a 14:00			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: III			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☒	
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/07/2024
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐		Duración determinada ☒	
		DATA FIN CONTRATO: 31/12/2026	
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 875 *			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599 541A 6490206			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Bacharelato, BUP, FPII, Ciclo Formativo Superior.
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Carlos Fernández Lozano (IP), Adrián Carballal, Nieves Pedreira, Francisco Cedrón (suplente), Elena Hernández (suplente)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Fernández Lozano	Asinado	05/04/2024 14:12:53
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 5 de abril de 2024

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Carlos Fernández Lozano

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==		
Asinado Por	Carlos Fernández Lozano	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	05/04/2024 14:12:53
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) está composto por máis de 200 investigadores. Integrado na rede de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, pon á disposición dos investigadores infraestruturas de computación de alto rendemento e especialización que facilitan a execución de proxectos no ámbito da intelixencia artificial, a ciencia e a enxeñaría de datos, a computación de alto rendemento, os servizos e redes intelixentes e a ciberseguridade.

O presente contrato convócase ao abeiro do proxecto Drug Repurposing para o Desenvolvemento Efectivo e Acelerado de Medicamentos no Espazo SUDOE (RePo-SUDOE), do que a Universidade da Coruña é Beneficiaria. O proxecto desenvolverase en colaboración co Instituto Politécnico de Guarda (Portugal), a Universidade de Santiago de Compostela, a asociación Cluster Saúde de Galicia, o Centre National de la Recherche Scientifique (Francia), a Sociedade Portuguesa de Saúde Pública e MD USE innovations SL. Ademais, contamos con socios asociados privilexiados como a Dirección Xeral de Farmacia do Servizo Galego de Saúde, o Centro Académico Clínico de Beiras (Portugal) e o Cancéropôle Grand Sud-Ouest (Francia).

O proxecto S1/1.1/P0033 (Drug Repurposing para o Desenvolvemento Efectivo e Acelerado de Medicamentos no Espazo SUDOE) está cofinanciado pola Unión Europea nun 75%, no marco do Programa INTERREG-SUDOE 2021-2027, Prioridade 2 "Promover a cohesión social e o equilibrio territorial e demográfico no SUDOE mediante a innovación e a transformación de sectores produtivos", **Obxectivo Específico RSO.1.1** "Desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e assimilar tecnoloxías avanzadas".

REQUISITOS XERAIS:

1. Todo solicitante deberá cumprir cos seguintes requisitos no prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato:
 - a. Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos para os efectos laborais na Administración Pública.
 - b. Dispoñer da titulación esixida e 3umplir cos demais requisitos sinalados na convocatoria.
 - c. Ter cumprido dezaseis anos e non ter superado, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
 - d. Poseer a capacidade funcional necesaria para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas descritas na memoria.
 - e. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o emprego ou cargo público por orde xudicial, para acceder a corpo ou escala de funcionario público ou para desempeñar funcións análogas ás que desempeñaba, nas que dita persoa fose separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, requirirase que o solicitante non se atope inhabilitado ou en

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Fernández Lozano			Asinado	05/04/2024 14:12:53
Observacións				Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				





situación equivalente, nin sexa obxecto de sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

2. A contratación de estranxeiros de países non comunitarios, que se formalizará co único fin de realizar tarefas de investigación ou técnicas, requirirá a presentación, no momento da sinatura do contrato, da autorización de residencia e traballo por conta allea ou acreditación da concorrencia de causa de excepción de dita autorización, de conformidade coa Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación.

TAREAS A REALIZAR:

- Apoio na xestión económica e administrativa en colaboración cos negociados da UDC.
- Colaboración na organización de viaxes e adquisición de equipamento.
- Colaboración na xestión da información curricular do grupo nos sistemas de información da UDC e propias do grupo.
- Axuda na xestión de actividades de investigación e transferencia do grupo como é a colaboración na preparación de memorias de solicitudes e xustificacións de axudas e contratos.
- Colaboración na organización de reunións e seminarios, así como en actividades de comunicación e divulgación. Apoio na xeración e xestión de contidos para a páxina web e as redes sociais.
- Colaboración no seguimento da execución técnica, financeira e administrativa do proxecto, incluída a elaboración de informes técnicos e económicos segundo as directrices da entidade financiadora.
- Colaboración nas tarefas de comunicación cos membros internacionais do consorcio en Francia e Portugal para o seguimento, coordinación e xestión económica de todos os nodos do proxecto.

REQUISITOS:

- Titulación requirida: a indicada no Anexo III de Convocatoria de Contratación.
- Obter polo menos 50 puntos nos criterios de selección especificados a continuación. O posto podería quedar deserto se ningunha das persoas candidatas superase este límite.
- As persoas candidatas deben ter dispoñibilidade para viaxar para asistir a reunións, xornadas e eventos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DE MÉRITOS (valoración sobre 100 puntos):

O proceso de selección constará das seguintes etapas:

1. Valoración de candidaturas de acordo coa documentación recibida. Será comprobada a adecuación ao perfil dos candidatos cos requisitos da convocatoria. Establecerase unha orde priorizada das persoas candidatas.
2. Entrevista persoal. Ata un máximo de tres persoas candidatas da lista priorizada previa con maiores puntuacións, e sempre alcanzando unha nota mínima de 50 puntos, serán convidados a unha entrevista persoal na que se avaliarán as capacidades e a adecuación ao posto. A entrevista persoal suporá un 20% da cualificación final.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==		
Asinado Por	Carlos Fernández Lozano	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	05/04/2024 14:12:53
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Considerase excluínte dispoñer dun nivel de inglés acreditado mínimo de C1, e de francés de B2 debido ao carácter internacional do proxecto e ás tarefas de xestión compartidas entre membros do consorcio indicadas no presente contrato.

A. Expediente académico (máximo 45 puntos):

- 1) En títulos de Bacharelato, BUP, FPPII, Ciclo Formativo Superior (máx. de 15 puntos, en proporción á nota do expediente). Se a cualificación media do expediente é inferior a 8, a puntuación obtida multiplicarase por 0.5.
- 2) Exame aprobado de acceso á universidade (máx. 15 puntos, en proporción á nota do expediente). Se a cualificación media é inferior a 8, a puntuación obtida multiplicarase por 0.5.
- 3) Estudos universitarios parciais ou completos relacionados coas liñas de investigación da unidade de investigación (máx. 15 puntos, en proporción á nota do expediente). Deben terse superado polo menos o 75% dos créditos que conducen á obtención do título. Se a cualificación media dos créditos superados é inferior a 7.5, a puntuación obtida multiplicaríase por 0.5.

B. Conecementos de idiomas (máximo 20 puntos):

- 1) Nivel A1 a B2: 5 puntos
- 2) Superior a B2: 10 puntos

Modo de acreditación: Certificado de nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira no que figure o nivel acadado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER) ou equivalente.

C. Outros méritos non considerados nos puntos anteriores (máximo 15 puntos):

- 1) Premios recibidos: ata 3 puntos dependendo do alcance rexional (1 punto), nacional (2 puntos) ou internacional (3 puntos) do mesmo.
- 2) Experiencia en actividades de investigación organizadas por Universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio: ata 5 puntos (1 punto por actividade).
- 3) Mobilidade internacional (ERASMUS, ERASMUS+, etc.) realizada en países con lingua oficial diferente a inglés/francés (10 puntos), resto de países (5 puntos).
- 4) Experiencia demostrable na xeración de contados para páxinas web e redes sociais. (1 punto)

D. Entrevista (max. 20 puntos)

O obxectivo da entrevista é coñecer mellor as capacidades e intereses das persoas candidatas, avaliar a súa adecuación ao posto e recabar máis información da súa experiencia previa. As condicións de realización son as mencionadas ao comezo da sección.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==		
Asinado Por	Carlos Fernández Lozano	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	05/04/2024 14:12:53
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KabH+snERLLtnbqWE4MKtQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

